

Luns, 30 de agosto de 2021

Núm. 166

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MODIFICACIÓN DELEGACIÓN EN XUNTA DE GOBERNO

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Por Resolución de Alcaldía de data 20 de agosto de 2021, vense en Revogar as seguintes competencias delegadas, por resolución de Alcaldía Nº 2019-0414 de data 21/06/2019, na Xunta de Goberno Local:

“2. Aprobar as bases das probas para a selección do persoal funcionario e laboral fixo, e para os concursos de provisión de postos de traballo.

4. As contratacións e concesións de toda clase cando sexan competencia da Alcaldía, agás as que teñan a cualificación de contrato menor en atención á súa contía.

5. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, conforme o parágrafo anterior, e estean previstos no orzamento.

7. Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes ás competencias delegadas.

8. A adquisición de bens e dereitos, cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere o porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos: 1º.- A de bens inmobles, sempre que estea prevista no orzamento. 2º.- A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non se encontre previsto no orzamento.

9. A solicitude de subvencións para obras, actividades ou servizos municipais, que expresamente requiran acordo da Xunta de Goberno Local e competencialmente non estea atribuída ao Pleno da Corporación, sen prexuízo de que a Alcaldía efectúe por exclusión as demais solicitudes, ou ben por razóns de urxencia, a Alcaldía efectúe estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local.

10. A aprobación da inscrición de asociacións no Rexistro Veciñal.

11. A aprobación de altas e baixas do servizo de axuda no fogar.

12. A resolución dos expedientes de devolución de fianzas e depósitos”

O que se fai público en virtude do disposto no artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais.

A Sra. Alcaldesa, Ánxela Fernández Callís

